

CONCURSO DE RELATOS “25 DE NOVIEMBRE”

ORGANIZA: Concello de San Sadurniño

COLABORA: CPI de San Sadurniño

B A S E S

TEMA: O traballo transmitirá unha mensaxe clara sobre prevención, sensibilización e/ou reivindicación na loita contra a violencia machista cara as mulleres, valorando en gran medida a orixinalidade e a súa eficacia comunicadora.

PARTICIPANTES: Alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria do CPI de San Sadurniño.

ENTREGA DE TRABALLOS: Os traballos poderán entregarse a cada titor/titora ou nas oficinas do Concello ata o **15 de novembro**. Deberán entregarse nun sobre pechado, indicando no mesmo o seu nome e apelidos, idade e curso ao que pertence. Os traballos presentados expóranse na Casa da Cultura do Concello dende o día 19 ata o 30 de novembro.

Os traballos gañadores quedarán en propiedade do Concello de San Sadurniño reservándose o dereito de facer uso do traballo premiado, que poderá ser empregado para calquera campaña de sensibilización e información realizada dende o propio concello.

Os restantes traballos poderanse retirar finalizado o mes de novembro.

FORMATO DOS TRABALLOS: Os traballos serán individuais, presentando un único traballo por participante. O formato será libre (entrevista, conto, carta de opinión, redacción, poesía...). O alumnado que o desexe, poderá acompañar o seu texto dun deseño ou imaxe de elaboración propia.

A obra presentarase nun soporte físico en papel. Os relatos non superarán en ningún caso as dúas follas en letra Times New Roman, tamaño 12 e, no caso de que sexan escritos á man os tres folios. É importante que toda elaboración só se faga por unha cara do folio, para facilitar a

súa exposición na Casa da Cultura. Os traballos non poderán ser inferiores a 200 palabras, a excepción do formato de poesía, que terá que ser de alomenos 60 palabras.

Os traballos non poderán ir asinados, os datos necesarios xa figuran no sobre de entrega. O traballo deberá incluír o seguinte texto “25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres” e o idioma empregado será o galego.

PREMIOS: Os premios consistirán en:

- Un libro electrónico para o 1º premio.
- Un libro de lectura para o 2º e 3º premio.

Cada participante será recoñecido cun diploma acreditativo pola súa participación no concurso. A entrega de premios celebrarase na Casa da Cultura do Concello o 20 de novembro ás 16:30 horas.

XURADO: Estará constituído por 2 docentes do CPI e 2 técnicas do Concello (a Axente de Igualdade e a Técnica da Biblioteca). A decisión do xurado será inapelable, reservándose o dereito a declarar deserto o premio ou a descalificar calquera traballo que, ao seu xuízo, fose realizado por unha persoa diferente ao concursante, empregase a técnica de calco, plaxio ou non reunise as condicións sinaladas nestas bases.

A participación no concurso leva consigo a aceptación destas bases.

San Sadurniño, 15 de outubro de 2012.